




OLEIROS

litoral de Santa Cruz



Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2018

Distancia: 2 km (4 ida e volta)

Dificultade: baixa



Una andaina pola contorna litoral de Santa Cruz, en Oleiros, para gozar dun itinerario de interese natural, xeolóxico, histórico e paisaxístico.

Una costa recortada na que o mar, desgasta as rochas máis brandas e traballa, e illa as duras, que permanecen como castelos nos que descansan as aves mariñas, e crean, en conxunto, unha paisaxe variada de saíntes e abrigos nos que se acollen as praias.

PERCORRIDO

Por comezar nalgún punto, porque podemos facelo en calquera deles, facémolo na Praia do Naval, onde tamén comeza, ou remata, o traxecto da senda “Costa libre de Oleiros”, un roteiro de case 8 km para recuperar o dominio da costa, que vai desde esta praia ata o límite do concello, no interior da ría do Burgo. **A Praia de Naval** é curiosa por ter a parte alta formada por coios de seixo procedentes da erosión do lugar de interese xeolóxico que se atopa á súa beira, na **punta do Corvo**, un depósito de materiais acumulados pola sedimentación que reflicten a alternancia de períodos secos e chuviosos ao longo da era Cuaternaria.

A punta do Corvo tamén é un fermoso lugar para gozar dunha vista do conxunto que forman a localidade, a Praia, a enseada e a illa do Castelo que a protexe.

Desde alí baixamos á **praia de Santa Cruz**, no centro da vila, e achegámonos ao **castelo**, visitable, construído no século XVI como parte do conxunto defensivo da ría e da cidade da Coruña que acolle o **CEIDA** (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galiza) e no xardín ten entre outras árbores de interese un **piñeiro de Monterrei** de gran porte que está incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta e un monumento en lembranza da pardela “Cincenta” que durante os veráns de 15 anos, entre 1985 e o 2000, foi visitante da localidade, Rematado o percorrido polo paseo da praia unha escada, un cento de chanzos en varios tramos, lévanos ao **parque das Galeras** un amplo espazo, entre natural e axardinado, desde o que se pode gozar de fermosas vistas da contorna e da cidade da Coruña.



Praia de Naval. Entre as Puntas do Boi e do Corvo. Os sedimentos máis grosos son coios de seixo procedentes da erosión do terreo da contorna.



Rochs na praia de Naval



Lugar de Interese Xeolóxico “Depósitos de vertente en Santa Cruz (Oleiros)”
Depósitos de gravas (seixos) de distintos tamaños formados no Cuaternario. Son testemuña de alternancia de períodos áridos e chuviosos.




Badía de Santa Cruz co porto e a illa do Castelo



Castelo de Santa Cruz



Praia de Santa Cruz



Piñeiro de Monterrei do castelo de Santa Cruz.
Ten 20 m de altura e 5 m de perímetro



Parque de Galeras



Vista desde o Parque de Galeras sobre a costa de Oleiros